

A Asociación Galizaelectronica.com necesita a túa axuda para poder seguir cos seus plans de traballo, para continuar fomentado os artistas galegos e galegas.

Dende que o día 1 de abril do 2008 nos constituímos como Asociación sen ánimo de lucro, cos principais fins de fomentar a música electrónica na Galiza e os seus artistas, o noso proxecto creceu considerablemente. O que sería unha sinxela web de música electrónica, é para moita xente unha páxina de referencia sobre música, onde hai mensualmente entrevistas, reportaxes e novas, promocionando sempre os nosos artistas.

O aumento de visitas, así como de contido (galerías-vídeos), fíxonos aumentar o servizo que tiñamos contratado de Hosting (onde se aloxa a páxina web) ademais de ter dous dominios (galizaelectronica.com, galiciaelectronica.com). En outubro deste ano, 2009, imos repartir de balde unha revista de música electrónica en tamaño A4 e a color e de 1.000 exemplares cun deseño totalmente profesional. O feito de ir polas catro provincias galegas repartindo a revista por igual eleva o custo do proxecto considerablemente.

Os membros de Galizaelectronica.com nunca reciben nada a cambio dos servizos que fan, no caso da publicidade que cobramos as empresas que saen na revista é unha cantidade moi pequena que nin tan sequera da para pagar o 40% dos gastos, e a publicidade da páxina web non da nin para pagar o 6% dos gastos anuais do servidor.

E moi importante que se teña en conta que gastamos preto de 3.000€, aínda que parte deles subvencionados -por este ano- non garantimos que nos dean futuras subvencións, da mesma forma que a que nos deron non da para pagar todos os gastos. Por iso necesitamos a vosa axuda. Entendemos que estamos en tempos difíciles en cuestións económicas, pero se cada un de vos realizara unha aportación mínima axudaríanos a seguir con este proxecto e seguir avanzando.

Realiza unha doazón no seguinte número de conta:  
2080 0115 05 0000108512 (caixanova)  
Titular: Asociación Galizaelectronica.com

Ou tamén podes enviarnos por correo ordinario a seguinte dirección que aparece na parte inferior desta páxina.

Calquera aportación é válida.

**GALIZAELECTRÓNICA.COM**

Asociación Galizaelectronica.com.  
Rúa de Galiza, nº30, 2ºA  
Salvaterra Do Miño  
C.P.:36450  
NIF:G36590776  
Móbil: 667007051  
Email:contacto@galizaelectronica.com